

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Antes de comezar co proxecto traballamos os calendarios do mes de xuño como todos os días.

Proxecto “Adiviñas do mar”: hoxe Caselín (a mascota da biblioteca) enviávos a resposta da adiviña da semana pasada. Seguro que todos a adiviñastes.




E tamén déixavos outra adiviña, onde tedes que debuxar a súa resposta no recadro. As familias que non poden imprimir a ficha poden escribir a adiviña nun folio ou nun caderno.


ADIVIÑA

Non penses noutras cousas
que as tes no mar.
Ou as ves chegar furiosas
ou mansas han de chegar.

Lóxica- matemática: traballamos os números, as sumas e as restas a través das tartarugas. Hoxe na ficha os alumnos de 3 e 4 anos teñen que colorear a tartaruga segundo o código de cores, e os alumnos do equipo de 5 anos primeiro teñen que realizar as sumas e as restas e despois teñen que colorear segundo o código. Deixo dúas fichas, unha para o equipo de 3 e 4 anos e outra para o equipo de 5 anos.



Alumn@s de 3 e 4 anos



Alumn@s de 5 anos

Lectoescritura: como xa sabedes todos os venres vou deixar unha ficha de lectura (en minúsculas para @s alumn@s do equipo de 5 anos e en maiúsculas para que comecen a ler @s alumn@s do equipo de 4 anos).

Deixo as fichas de lectura no outro documento, pero non é necesario que imprimades a ficha de lectura, @s nen@s pódena ler no ordenador ou na tablet.




Alumn@s de 5 anos




Alumn@s de 4 anos

Nas seguintes fichas @s alumn@s de 3 e 4 anos teñen que repasar as letras con rotulador e despois colorear o tomate. E @s alumn@s de 5 anos recortan as palabras e pégalas no lugar correspondente e finalizan a actividade coloreando as imaxes.





Alumn@s de 3 e 4 anos




Alumn@s de 5 anos

Manualidade: hoxe imos realizar un traballo manual dunha tartaruga (deixo a pantilla no outro documento). Primeiro tedes que colorear o corpo da tartaruga e as tiras, despois recortades as tiras e pegádelas formando a coiraza da tartaruga, como indica a imaxe.



As familias que non poden imprimir o debuxo, poden facer estas outras tartarugas.



Especialistas: lembraros que os venres nos visita a mestra de música (Soraya). Anímovos a entrar no seu apartado na web do centro, e realizar algunhas das actividades que ela vos propón.



Vídeo: para rematar déixovos unha curtametraxe para que os nenos reflexionen un pouco, titúlase "Lemon" (<https://youtu.be/Oe2zK0v2XPA>).